

2.3. políticas activas de emprego

A ANÁLISE DAS POLÍTICAS ACTIVAS DE emprego está dividida en tres grandes apartados. O primeiro deles está dedicado á demanda formativa do Forcem, que na convocatoria de 2003 aprobáronse un total de 479 plans de formación (545 plans solicitados), dos que 268 son plans de demanda e 211 plans corresponden plans de oferta. O financiamento aprobado destes cursos ascendeu a 36.822,1 miles de euros, o 4,1% do financiamento solicitado. Na derradeira convocatoria rexistráronse en Galicia un total de 64 permisos individuais de formación (vinte máis que na convocatoria anterior), dos que se aprobaron 42 permisos (31 na convocatoria do ano anterior).

Posteriormente farase referencia as políticas activas de emprego da Xunta de Galicia, que son ordeadas de xeito integrado polo Servizo Público de Emprego de Galicia. A segunda parte do capítulo analiza os programas relacionados coa formación e colocación, e se centra nas áreas de formación ocupacional, intermediación laboral e orientación profesional.

En terceiro lugar, estúdanse as distintas medidas dirixidas a favorece-lo emprego estable. Neste capítulo faise referencia ós programas de fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral e ós programas de cooperación e programas mixtos de formación e emprego, xa que ós programas de fomento do autoemprego e economía social farase referencia no capítulo **2.3.- Economía social**.

Cómpre salientar que en 2003 puxéronse en marcha un programa de fomento de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia doméstica e un novo programa de desenvolvemento local. Asemade, nese ano creouse o Instituto Galego de Cualificacións como instrumento de carácter técnico encargado de garantir a implantación efectiva do Sistema Nacional das Cualificacións en Galicia.

O **cadro C.2.12.** (*Accións desenvolvidas en execución do previsto nos acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 2002-03*) recolle o número de beneficiarios do conxunto das liñas de actuación e medidas desenvolvidas. O número de beneficiarios acadou no ano 2003 as 135.381 persoas, 20.054 beneficiarios máis que en 2002.

Accións do Forcem

En relación á demanda formativa do Forcem, na convocatoria de 2003 solicitaronse un total de 545 plans de formación (un 39,4% máis que no ano anterior) o que representa o 5,9% do total dos plans solicitados no conxunto estatal. Do total de plans solicitados, o **cadro 2.3.1.** reflicte que no último ano se aprobaron en Galicia 479 plans, un 38,4% máis que na convocatoria anterior, o que supón o 6,1% dos plans aprobados en España.

Dos 479 plans de formación aprobados en 2003, 268 corresponden a plans de

demanda (con compromiso de formación previo) sendo o seu custo de 19.154,7 miles de euros. Destes plans, 109 correspondense a plans agrupados intersectoriais, cun custo de 14.315 miles de euros, 97 son plans de empresa (2.936,7 miles de euros) e 62 son plans para grupos de empresa do mesmo sector (1.902,9 miles de euros).

Os restantes 211 plans de formación corresponden ós plans de oferta (sen compromiso previo), sendo o seu custo de 17.667,4 miles de euros. A meirande parte destes cursos corresponden ós cursos de oferta xeral, 203 cursos, cun financiamento aprobado de 13.602,3 miles de euros.

O **cadro C.2.11.** (*Indicadores de demanda formativa 2002-03: permisos individuais de formación*) reflicte que na convocatoria de 2003 rexistráronse en Galicia un total de 64 permisos individuais de formación (vinte máis que na convocatoria anterior), dos que se aprobaron 42 permisos (31 na convocatoria do ano anterior).

O financiamento total aprobado foi de 106,6 miles de euros (un 0,2% máis que no ano anterior) o que representa o 3,5% do total estatal.

Formación e colocación: Comunidade Autónoma

No que atinxe ós programas relacionados coa formación é colocación na comunidade galega, este apartado se centra en primeiro lugar nas accións formativas de carácter ocupacional, que están dirixidas ós desempregados. Xunto a estas accións existen outras dúas grandes liñas de actuación dirixidas á mellora da empregabilidade: a de información, orientación e procura de emprego, e a de intermediación. Estas dúas funcións préstanse baixo a denominación “Servizo Galego de Colocación”.

2.3.2.

Formación ocupacional 2002-03: cursos, presupostos e alumnos

	2002			2003		
	Cursos	Presupostos (en miles de €)	Alumnos	Cursos	Presupostos (en miles de €)	Alumnos
FIP (agás compromisos de contratación)	1.333	38.590,9	22.005	1.363	40.771,4	21.993
Compromisos de contratación FIP	92	2.059,4	1.374	91	2.131,2	1.377
Compromisos de contratación FSE	171	255,5	2.438	114	213,3	1.612
Medios propios	224	5.231,0	3.324	250	7.044,5	3.616
Plan autonómico de formación de formadores	45	142,1	614	34	389,0	499
Outras accións formativas	347	3.190,2	6.049	565	3.807,9	9.488
Total	2.212	49.469,1	35.804	2.417	54.357,4	38.585

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

2.3.3.

Plan FIP 2002-03: programación provincial e pluriprovincial

	2002			2003		
	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)
Programación provincial						
A Coruña	210	3.382	5.037.479	206	3.294	4.803.961
Lugo	133	2.128	2.685.005	149	2.325	2.671.235
Ourense	87	1.429	2.081.246	89	1.405	2.135.380
Pontevedra	175	2.844	4.077.710	147	2.353	3.615.939
Total	605	9.783	13.881.440	591	9.377	13.226.515
Programación pluriprovincial	728	12.222	24.709.503	772	12.616	27.544.918

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

2.3.4.

Plan FIP 2002-03: distribución sectorial

Sector	2002			2003		
	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en €)	Cursos	Alumnos	Orzamentos (en €)
Administración e oficinas	156	2.599	5.309.307,73	155	2.511	5.533.569
Agricultura	33	551	831.798,19	30	489	916.146
Artesanía	16	272	636.988,13	20	349	900.960
Automoción	14	254	843.278,85	16	273	872.417
Comercio, márketing e vendas	65	1.037	1.465.652,40	77	1.207	1.766.090
Comunicación	12	206	508.466,66	12	190	503.541
Construcción	86	1.516	3.879.710,74	84	1.436	4.052.607
Industria	59	985	2.032.153,02	53	842	1.748.638
Industria agroalimentaria	13	219	425.009,10	14	227	510.202
Madeira e moble	24	409	1.029.975,59	21	346	956.581
Mantemento instalacións	49	850	2.116.655,44	36	620	1.689.237
Pesca e acuicultura	2	43	44.048,10	1	19	25.908
Sanidade	86	1.455	2.556.187,49	81	1.347	2.279.653
Servizos	622	10.031	12.749.414,86	657	10.401	14.423.757
Téxtil	27	432	942.269,36	32	519	1.023.659
Turismo e hostalería	67	1.122	3.145.308,55	74	1.217	3.568.468
Total	1.331	21.981	38.516.224,21	1.363	21.993	40.771.433

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

2.3.5.

Cursos con compromiso de contratación 2002-03

	2002				2003			
	Centros	Cursos	Alumnos	Importe (en €)	Centros	Cursos	Alumnos	Importe (en €)
A Coruña	14	23	372	442.997	10	18	278	566.462
Lugo	8	13	183	436.297	4	6	90	225.119
Ourense	7	17	263	326.271	3	13	196	202.039
Pontevedra	12	39	556	853.794	14	54	813	1.137.562
Total	41	92	1.374	2.059.359	31	91	1.377	2.131.182

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

2.3.6.

Cursos con compromiso de contratación 2002-03: distribución sectorial

Sector	2002			2003		
	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)	Cursos	Alumnos	Presupostos (en €)
Agricultura	1	10	26.704,1	-	-	-
Automoción	7	93	23.604,0	-	-	-
Comercio, marketing e vendas	15	240	209.238,0	33	487	468.692,0
Construcción	1	10	56.030,0	-	-	-
Industria	24	345	620.131,0	18	262	380.241,0
Industria agroalimentaria	7	106	233.589,2	1	11	25.536,0
Madeira e moble	1	18	18.369,0	2	31	45.234,0
Sanidade	7	108	99.627,6	15	227	253.686,0
Servicios	11	172	284.406,6	6	100	451.516,0
Téxtil	16	239	421.029,0	14	227	423.121,0
Pesca e acuicultura	-	-	-	2	32	83.156,0
Turismo e hostelería	2	30	66.630,6	-	-	-
Total	92	1.371	2.059.359,1	91	1.377	2.131.182,0

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

de euros. Séguelle en importancia o subsector administración e oficinas, con 155 cursos en 2003, ós que asistiron un total de 2.511 alumnos, sendo o seu presuposto de 5.533,6 miles de euros.

No que atinxe ós cursos con compromiso de contratación, a diferenza do acontecido no ano anterior, ó longo do ano 2003, a pesar do descenso dos centros onde se imparten estes cursos, mantívose practicamente constante o número de alumnos e cursos programados. Nese ano un total de 1.377 alumnos asistiron ós 91 cursos de formación, sendo o orzamento dedicado a estes cursos de 2.131,2 miles de (2.059,4 miles de euros en 2002).

En canto á súa distribución xeográfica, o devandito **cadro 2.3.5.** reflicte que Pontevedra é a única provincia que presenta unha medra do número de centros,

cursos e alumnos, descendendo estas tres variables nas outras provincias galegas. A provincia de Pontevedra foi a que maior número de cursos programou, con 54 cursos (15 máis que no ano anterior), ós que asistiron 813 alumnos (257 máis). Séguelle en importancia A Coruña, con 18 cursos e 278 alumnos (5 cursos e 94 alumnos menos que en 2002).

O **cadro 2.3.6.** reflicte a distribución sectorial dos cursos con compromiso de contratación. Nel pódese apreciar que o subsector do comercio, marketing e vendas é o que acolle un maior número de cursos e alumnos, con 33 e 487, respectivamente. Séguelle en importancia o subsector industria, con 18 cursos e 262 alumnos, e os da sanidade e téxtil, con 15 e 14 cursos e 227 alumnos en cada un dos subsectores. Entre os catro acollen en torno ó 88% dos cursos e alumnos e o 71,6% do presuposto en 2003.

2.3.7.

Programación con medios propios ⁽¹⁾ 2002-03

	2002			2003		
	Cursos	Alumnos	Importe (en €)	Cursos	Alumnos	Importe (en €)
A Coruña	110	1.631	2.565.045	108	1.587	3.357.021
Lugo	49	754	1.320.739	57	836	1.668.703
Ourense	45	623	602.320	65	897	1.613.750
Pontevedra	20	316	742.945	20	296	405.032
Total	224	3.324	5.231.049	250	3.616	7.044.506

(1) cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia
Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

2.3.8.

Programación con medios propios 2002-03: distribución sectorial

Sector	2002			2003		
	Cursos	Alumnos	Presuposto (en €)	Cursos	Alumnos	Presuposto (en €)
Administración de oficinas	5	77	117.828	8	121	172.995
Agricultura	19	290	361.470	14	197	359.583
Artesanía	2	27	29.689	5	70	210.422
Automoción	6	97	144.753	5	77	262.363
Comercio, marketing e vendas	6	80	110.781	12	150	240.733
Comunicación	3	48	57.412	1	15	14.370
Construcción	20	306	704.115	33	478	1.023.343
Industria	40	597	1.019.702	30	436	1.061.384
Industria agroalimentaria	3	36	48.993	5	74	108.611
Madeira e moble	16	239	514.529	19	261	618.902
Mantemento instalacións	23	339	673.064	27	412	845.790
Minería	-	-	-	1	15	34.435
Pesca e acuicultura	1	15	23.058	-	-	-
Sanidade	4	58	114.896	6	94	126.167
Servizos	97	1.370	926.561	60	862	1.153.164
Téxtil	6	92	129.369	8	119	151.838
Turismo e hostalería	6	89	274.700	16	235	660.408
Total	257	3.760	5.250.920	250	3.616	7.044.508

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Con cargo ó presuposto do Plan FIP, impartíronse un total de 250 cursos de formación ocupacional en centros de titularidade da Xunta de Galicia, por un importe de 7.044,5 miles de euros. Comparado co ano anterior, estas variables medraron en torno ó 45%. Do total dos cursos, o **cadro 2.3.7.** reflicte que a provincia que acolleu o maior número de cursos e alumnos foi A Coruña, con 108 cursos e 1.587 alumnos, seguida de Ourense, con 65 cursos e 897 alumnos, e Lugo, con 57 cursos e 836 alumnos.

Atendendo á distribución sectorial da programación dos cursos de formación ocupacional impartidos en centros de titularidade da Xunta de Galicia, o **cadro 2.3.8.** reflicte que é o sector servizos o que

acolle o maior número de cursos e alumnos, con 60 e 862, respectivamente, seguido pola construción, con 33 cursos e 478 alumnos en 2003.

Asemade, ó longo do exercicio 2003 programáronse 30 cursos de formador ocupacional, na modalidade presencial, catro cursos que compoñen o certificado de profesionalidade da ocupación Formador Ocupacional, na modalidade mixta (presencial e a distancia), así como unha serie de accións formativas complementarias dos cursos do Plan FIP. Dentro destas accións formativas programáronse en 2003 un total de 679 accións formativas nos que participaron un total de 11.100 alumnos, cun presuposto de 4.021,2 miles de euros.

• *Servizo Galego de Colocación*

Xunto ás accións formativas de carácter ocupacional, existen outras dúas grandes liñas de actuación dirixidas á mellora da empregabilidade: a de información, orientación e procura de emprego, e a de intermediación. Estas dúas funcións préstanse baixo a denominación “Servizo Galego de Colocación” (SGC).

Ó longo do ano 2003 ofertóuselle unha acción de orientación laboral a 67.006 demandantes de emprego (1.490 accións menos que no ano anterior). No derradeiro ano continuouse co Programa de Inserción Laboral para Traballadores Desempregados de Longa Duración maiores de 45 anos, no que se combinan medidas de emprego activas xestionadas polo Servizo Público de Emprego de Galicia e o INEM. No marco deste programa en 2003 realizáronse un total de 3.360 entrevistas personalizadas.

No que a labor de intermediación se refire, en 2003 o número de postos de traballo xestionados polo SPE foi de 89.767, dos que 53790 corresponden á xestión das oficinas de emprego e 35.977 ós centros asociados ó SGC.

No último ano produciuse unha medra da Rede EURES. O número de contactos cos demandantes de emprego foi de 10.927 e o total de demandas de emprego tramitadas de 1.120.

• *Instituto Galego das Cualificacións*

A través do Decreto 93/199, de 8 de abril, créase o Instituto Galego das Cualificacións (IGC) como instrumento de carácter técnico encargado de garantir a implantación efectiva do Sistema Nacional das Cualificacións en Galicia. O IGC inclúe no seu organigrama o Observatorio Ocupacional e o Servizo de Deseño e Acreditación das Cualificacións.

As áreas de actuación do Instituto son a de cualificación; área de formación profesional; área de certificados de profesionalidade; área de profesións reguladas; área de Observatorio ocupacional e actividades formativas e informativas.

Promoción de emprego: Comunidade autónoma

Á hora de analizar os programas de promoción de emprego, estes pódense agrupar en tres grandes grupos: os programas de incentivos á contratación por conta allea e da estabilidade laboral, as medidas de fomento do autoemprego e economía social (ás que se fai referencia no capítulo **2.4.- Economía social**), e finalmente, os programas de cooperación e programas mixtos de formación e emprego. Asemade, cómpre salientala posta en marcha en 2003 do programa de apoio á integración laboral das mulleres vítimas de violencia doméstica.

• *Actuacións para o fomento da contratación por conta allea e da estabilidade laboral*

Favorece-la creación de emprego estable e de calidade e promove-la inserción laboral dos desempregados con maiores dificultades para incorporarse ó mercado de traballo son as finalidades principais dos programas de fomento da contratación por conta allea e da estabilidade.

En 2003 volveu a descender o número de beneficiarios das distintas actuacións de fomento da contratación por conta allea, acadando un total de 10.208 beneficiarios fronte ós 13.591 do ano anterior. O número de empresas beneficiadas destes programas ascendeu a 5.659 fronte ás 7.558 empresas do ano anterior.

Dos distintos procedementos recollidos no **cadro C.2.12**. (*Accións desenvolvidas en execución do previsto nos acordos*

2.3.9.

Programas de cooperación con entidades locais e con outras administracións 2002-03

	2002		2003	
	Entidades	Traballadores	Entidades	Traballadores
Programas de cooperación con entidades locais	624	5.962	637	6.524
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral	326	5.420	336	6.002
Axudas para a contratación de Técnicos Locais de emprego	239	268	238	259
Axudas para a contratación de servizos públicos con determinadas empresas creadas nos últimos 3 anos	59	274	63	263
Programas de Cooperación con outras administracións (1)	104	772	266	1.084
Axudas para a contratación de desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral	80	640	210	935
Axudas para a contratación de axentes de emprego e unidades de apoio	24	132	56	149

(1) distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro
 Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 2002-03), ó longo de 2003 o número de empresas e traballadores que se beneficiaron das axudas do programa de fomento de emprego e da estabilidade laboral foi de 2.504 e 5.834, respectivamente. Séguenlle en importancia os beneficiarios polos programas de fomento da contratación indefinida de colectivos desfavorecidos, con 1.353 empresas beneficiarias e 1.913 traballadores beneficiarios.

• **Programas de cooperación e programas mixtos de formación e emprego**

A análise destes programas fai referencia a cinco grandes programas: o de cooperación con entidades locais; os programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro; as escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento; o referente ó Programa Labora: Xuventude con experiencia, que naceu en maio de 2002; e finalmente, o programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas da violencia doméstica, posto en marcha en 2003.

En relación ós **programas de cooperación con entidades locais**, en 2003 investíronse nestas axudas uns 41 millóns

de euros, beneficiándose das mesmas 6.524 traballadores e 637 entidades. No derradeiro ano, concedeuse algún programa de cooperación a 314 dos 315 concellos galegos.

No eido destes programas de cooperación, no exercicio 2003 beneficiáronse da “contratación de traballadores desempregados para a realización de obras e servizos de interese xeral ou social” un total de 336 entidades, participando 6.002 traballadores desempregados, un 10,7% máis que no exercicio anterior. A duración media destes contratos situouse en torno ós nove meses e medio.

No caso das contratacións de técnicos locais de emprego, o número de técnicos ascendeu a 259 (9 menos que en 2002), con 238 entidades locais beneficiarias, e un investimento de máis de 3 millóns de euros.

As contratacións polas entidades locais de servizos públicos se refiren a contratacións con empresas constituídas, preferentemente por xoves, desempregados de longa duración ou por mulleres, a través da subvención ás entidades locais que contraten a prestación de servizos públicos con elas. En 2003, o número de traballadores que se beneficiou destes programas acadou os 239, e o número de empresas beneficiarias ascendeu ata as 80

2.3.10.

Escolas-obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento 2002-03

	2002	2003
Escolas obradoiro e casas de oficios		
número	33	24
alumnos	1.519	1.133
postas en marcha ó longo do exercicio	7	6
alumnos	335	266
Obradoiros de emprego		
número	77	78
beneficiarios	2.970	3.063
novos proxectos postos en marcha	45	33
beneficiarios	1.749	1.314
Unidades de promoción e desenvolvemento (1)		
número	3	4
beneficiarios	26	30

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

2.3.11.

Especialidades máis impartidas nas escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego 2003

Familia profesional	Escolas obradoiro e casas de oficios	Obradoiros de emprego
	(%)	
Edificación e obras públicas	52,7	50,0
Industria da madeira	17,3	14,2
Artesanía	1,3	3,1
Montaxe e instalación	0,2	0,3
Medio Ambiente	1,0	7,9
Agraria	20,1	16,6
Industria pesada e constr.metálicas	5,3	0,8
Sanidade	-	0,6
Servicios á comunidade e persoas	-	3,4
Mantemento e reparación	-	0,3
Servicios a empresas	-	1,6
Información e manifestacións artísticas	-	0,3
Producción, transformación e distribución	-	0,9
Industrias manufactureiras diversas	1,1	-
Turismo e hostalería	1,0	-

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

(un 50% das mesmas son iniciativas locais de emprego e un 40% autónomos).

En 2003, púxose en marcha un novo programa de fomento do desenvolvemento local, que pretende implicar no proceso da promoción do emprego tanto ás institucións públicas e ós axentes socioeconómicos como á poboación en xeral.

No que atinxe ós **programas de cooperación con outras administracións distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro**, ó longo do ano 2003 o número de entidades beneficiadas ascendeu a 266 (162 máis que no ano anterior) participando un total de 1.084 traba-

lladores (312 máis que no ano anterior). A media da duración dos contratos foi de 11,7 meses cando no ano anterior situábase en torno ós 11,3 meses.

No concernente ás **escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento**, un total de 1.133 desempregados menores de 25 anos (o 34% son mulleres e o 66% homes) beneficiáronse ó longo de 2003 das accións formativas das 24 escolas obradoiro en funcionamento (**cadro 2.3.10.**).

Ó longo do ano 2003 puxéronse en marcha seis novas escolas obradoiro, par-

2.3.12.

Execución do "Programa Labora: Xuventude con experiencia" 2003

	Traballadores	Orzamento
		(en miles de €)
Programas de cooperación con entidade locais	2.960	24.296,0
Programas de cooperación con outras admóns ou entidades	791	8.620,2
Escolas obradoiro e obradoiros de emprego	739	5.633,9
Incentivos á contratación indefinida	1.420	4.099,5
Incentivos á contratación en prácticas	942	3.672,6
Total	6.852	46.322,2

(1) Este Programa naceu en 2002, coa entrada en vigor do Decreto 148/2002, do 18 de abril
 Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

ticipando nelas un total de 266 persoas. A 31 de decembro estaban en funcionamento 11 proxectos, que dan cabida a 509 participantes menores de 25 anos.

O **cadro 2.3.11.** recolle as especialidades máis frecuentemente impartidas, onde salienta a de edificación e obras públicas (52,7%), a agraria (20,1%) e as industrias da madeira (17,3%).

Os 78 obradoiros de emprego en funcionamento en 2003, que buscan melloras posibilidades de ocupación dos desempregados de 25 ou máis anos, e especialmente daqueles que teñan especiais dificultades para inserirse no mercado laboral (parados de longa duración, maiores de 45 anos, mulleres e persoas con discapacidade), acolleron un total de 3.063 traballadores desempregados.

Ó longo do ano 2003 puxéronse en marcha 33 novos proxectos de obradoiros de emprego, nos que participan un total de 1.314 desempregados maiores de 25 anos. A 31 de decembro dese ano, os 33 proxectos continuaban en funcionamento. Entre as especialidades impartidas, **cadro 2.3.11.**, as máis frecuentes son as de edificación e obras públicas (50,0%), as agrarias (16,6%) e as de industrias da madeira (14,2%).

No concernente ás unidades de promoción e desenvolvemento, en 2003 continúan as catro unidades iniciadas en 2001 e 2002, cun total de 30 traballadores.

Asemade, nese ano houbo un total de dez escolas e obradoiros do Camiño de Santiago en funcionamento, cun total de 441 alumnos. As cinco escolas obradoiro acolleron un total de 261 alumnos (35% mulleres e 65% homes) e os cinco obradoiros de emprego, acollen 180 alumnos-traballadores (61% mulleres e 39% homes). A 31 de decembro de 2003, estaban en funcionamento 2 escolas obradoiro, con 100 participantes, e 3 obradoiros de emprego, con 90 participantes.

As políticas activas de emprego para que a xente moza con dificultade de inserción laboral, por falta de experiencia previa, poida adquirila mediante unha prestación laboral efectiva, desenvólvense a través do **Programa Labora: Xuventude con Experiencia**. A súa execución realizouse en 2003 a través das catro modalidades contractuais recollidas no **cadro 2.3.12.**

O número de beneficiarios contratados en 2003 ascendeu a 6.852 (64% mulleres e 36% homes), acadando o presuposto destinado á contratación de beneficiarios do Plan de 46,3 millóns de euros. Os programas de cooperación con entidades locais acollen o 42% dos beneficiarios e o 525 do presuposto destinado en 2003.

Finalmente, ó **programa de fomento da inserción laboral de mulleres vítimas da violencia doméstica**, iniciado en 2003 (Orde de 5 de xuño), incorporá-

ronse 18 mulleres vítimas de violencia doméstica. Tres expedientes foron denegados e 11 están pendentes de que se prioricen as medidas activas de emprego e escollan o concello de referencia para os contratos de traballo.

Das 18 mulleres incorporadas, 13 asinaron un contrato de inserción con distintas entidades sen ánimo de lucro, e outras dúas accederán ó programa a través de incentivos a súa contratación por conta allea e ó autoemprego. ■

